

CONVENIO PLURIANUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL (XERA) E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA POSTA EN VALOR DE ESPECIES FORESTAIS DE CRECEMENTO EN GALICIA E PROMOCIÓN DA MADEIRA NA CONSTRUCCIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega da Industria Forestal, **DECLARA:**

Que esta Axencia formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 30 de xullo de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre XERA e a USC-PEMADE para a realización das actuacións necesarias para a posta en valor de especies forestais de crecemento en Galicia e a promoción da madeira na construción durante o período 2019-2022.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A posta en valor de especies forestais de crecemento en Galicia e a promoción da madeira na construción, traducirase nun beneficio real para toda a cadea de valor da madeira en Galicia, dende o propietario forestal ata o consumidor final, ao supoñer un importante valor engadido a estas especies.

En primeiro lugar, desenvolverase unha investigación enfocada ó estudo das propiedades mecánicas das especies forestais de crecemento en Galicia, algunhas delas aínda non recoñecidas na norma, obtendo así uns resultados que permitan valorar as súas potencialidades como materia prima para a fabricación de produtos de madeira estrutural.

En segundo lugar, levarase a cabo tamén unha labor de promoción achegando os resultados obtidos da investigación ó público en xeral e prescriptores, promovendo o uso da madeira na construción e ofrecendo as ferramentas necesarias para a súa aplicación nunhas condicións de calidade e seguridade que sirvan como apoio á toma de decisións, impulsando, como obxectivo último, o produto local.

Con todo iso reforzarase a cadea de valor monte-industria existente na comunidade galega, coa promoción dunha silvicultura adaptada á obtención de madeira de calidade e a súa aplicación posterior en produtos estruturais de alto valor engadido fabricados en Galicia, fortalecendo a industria da primeira e segunda transformación da madeira coa proposta de novos usos e aplicacións estruturais e a implementación de novas tecnoloxías.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden



satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional, deste xeito o presente convenio está excluído da aplicación da Lei 9/2017 de acordo co seu artigo 6.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

Santiago de Compostela,
[Asinado dixitalmente]

O director da Axencia Galega da Industria Forestal

